

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**12423** Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O principio de transparencia como base do funcionamento das administracións públicas resulta clave para a rendición de contas e o control da xestión pública, así como para contribuír a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio levou o lexislador a establecer no artigo 6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a obriga das administracións públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da citada lei, así como das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

Así mesmo, as administracións públicas comprométense a garantir non só a coherencia das normas e procedementos contables, senón tamén a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento de datos, asegurando deste modo que se mantén a exactitude da información subministrada e se permite a verificación da súa situación financeira.

Con esta orde ministerial dáse un paso máis na aplicación do mencionado principio de transparencia por entender que este é un instrumento indispensable que permitirá levar a cabo un seguimento máis efectivo do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e do resto de obrigas fiscais europeas, do conxunto das administracións, coas que España está plenamente comprometida.

Un desenvolvemento correcto deste principio favorece non só unha mellor coordinación e unha adecuada remisión de información entre as diferentes administracións, senón que tamén reforza o compromiso de España de cumprir coas obrigas europeas en materia de estabilidade orzamentaria, que son unha prioridade absoluta, e co resto de institucións internacionais que foron incrementando as súas exixencias de transparencia a todas as administracións públicas.

Trátase de aumentar a transparencia concretando as obrigas legais de información das administracións territoriais e mellorar a calidade da información ao coordinala, facela comparable e máis fiable.

A esta aposta por mellorar a cantidade e a calidade de información dispoñible hai que engadir a potenciación da publicidade activa dunha información máis completa, centralizada, homoxénea e de fácil acceso que contribúe á rendición de contas e a un mellor control da xestión pública.

O interese por fortalecer o principio de transparencia non responde só a dar cumprimento a unha obriga prevista na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, senón tamén a mellorar a credibilidade e a confianza na economía española que conta cunhas administracións públicas transparentes e fiables.

En efecto, contar con máis información, de mellor calidade e accesible, mitiga os problemas de información asimétrica e disipa incertezas sobre o funcionamento das administracións públicas españolas, pois permite un seguimento máis rigoroso da súa situación económica e financeira.

Todo isto contribuír á xeración de confianza nas administracións e facilitará a rendición de contas e a exixencia de responsabilidades, cando corresponda.

Por outra parte, a Lei orgánica 2/2012 non só recolle o principio de transparencia como principio xeral no seu artigo 6 senón que ademais o concreta a súa instrumentación no seu artigo 27, no que autoriza o Ministerio de Facenda e Administracións públicas a

solicitar das comunidades autónomas e das corporacións locais a información necesaria para garantir o cumprimento das previsións establecidas na lei, así como para atender calquera outro requirimento de información que exixa a normativa europea. Todo isto, amparado no principio de lealdade institucional que debe presidir as relacións entre administracións, e que apoia as peticións de información que, para o exercicio das súas propias competencias, formule o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao resto de administracións.

Para tal efecto, esta orde establece as especificacións do contido da información que debe ser remitida, así como a frecuencia e a forma de subministración para cumprir así con eficacia coa instrumentación do principio de transparencia.

En concreto, os dous primeiros capítulos desta orde regulan, con carácter xeral, as obrigas de remisión de información que as administracións territoriais teñen coa Administración xeral do Estado. Para isto, detállase quen son os suxeitos obrigados, o procedemento, preferentemente electrónico, polo que se debe remitir a información e régulanse as obrigas de información, tanto periódicas como non periódicas, que resultan comúns ás comunidades autónomas e ás corporacións locais.

Neste sentido, desenvolveuse o previsto na disposición adicional terceira do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, establecendo como obriga periódica de información, tanto para as comunidades autónomas como para as corporacións locais, a remisión de información en materia de persoal.

Entre as obrigas non periódicas de información destacan as referidas ao seguimento dos plans de axuste en desenvolvemento do previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. En particular, desenvólvese o contido mínimo dos informes de seguimento dos plans de axuste que as corporacións locais deben remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de conformidade co disposto no artigo 10 do Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores. Este seguimento resulta prioritario para cumprir cos obxectivos de consolidación fiscal.

O capítulo III establece cales son as obrigas de subministración de información das comunidades autónomas. Para isto, refírese ás que teñen un carácter periódico, especificando a información que debe remitirse cunha frecuencia anual ou mensual, segundo corresponda.

O capítulo IV refírese ás obrigas de subministración de información das corporacións locais. Neste sentido, tamén distingue entre as obrigas periódicas de información que teñen unha frecuencia anual e trimestral, segundo os casos, e as obrigas non periódicas de subministración de información referida a operacións de endebedamento.

O capítulo V, en desenvolvemento do disposto no número 2 da disposición derradeira segunda da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece as obrigas de publicación para coñecemento xeral por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación coa información das administracións territoriais, así como os prazos para a súa publicación. Así mesmo, recóllese neste capítulo as consecuencias que a Lei orgánica 2/2012 prevé en caso de incumprimento das obrigas de remisión de información.

Por outra parte, recóllese na disposición adicional única unha referencia á aplicación da orde ás comunidades autónomas de Navarra e País Vasco.

A disposición transitoria única regula as normas aplicables mentres non se desenvolvan os sistemas electrónicos de comunicación necesarios, e as disposicións derradeiras establecen a habilitación para ditar as resolucións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde, así como a súa inmediata entrada en vigor, salvo algunha excepción. Neste sentido, cabe destacar que esta orde se dita en desenvolvemento da xa mencionada Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, que se ditou en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución.

Esta orde dítase en desenvolvemento das habilitacións outorgadas ao ministro de Facenda e Administracións Públicas no artigo 27.4 e na disposición derradeira segunda da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, e na disposición adicional terceira do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Na súa virtude, logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional da Administración Local e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto determinar o procedemento, o contido e a frecuencia de remisión da información económico-financeira que deben subministrar os suxeitos integrados no ámbito de aplicación desta orde, así como definir a información obxecto de publicación periódica para coñecemento xeral, os prazos para a súa publicación e o modo en que debe publicarse.

Todo isto en desenvolvemento e aplicación do principio de transparencia recollido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e de conformidade co resto de disposicións nacionais e comunitarias relativas a requirimentos de información.

#### Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

Están incluídos no ámbito subxectivo de aplicación desta orde e, por tanto, suxeitos ás obrigas de subministración de información:

1. As comunidades autónomas e as corporacións locais de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996.
2. O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes dependentes das comunidades autónomas e corporacións locais, non incluídos no número anterior, quedarán suxeitos ao disposto nas normas desta orde que especificamente se refiran a elas.

#### Artigo 3. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

1. Esta orde será de aplicación ás obrigas de remisión de información, periódicas, non periódicas e a calquera outra petición de información adicional que formule o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no exercicio das súas propias competencias, ao resto de administracións e, en particular, ás que deriven do cumprimento das obrigas de subministración de información e transparencia establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e noutras disposicións nacionais e comunitarias en materia de transparencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Esta orde tamén será de aplicación á publicación para coñecemento xeral que se faga da mencionada información.

## CAPÍTULO II

**Disposicións comúns para comunidades autónomas e corporacións locais***Sección 1.ª Suxeitos obrigados e procedemento**Artigo 4. Suxeitos obrigados á remisión e recepción de información.*

1. A remisión da información económico-financeira correspondente á totalidade das unidades dependentes de cada comunidade autónoma ou corporación local centralizarase a través de:

- a) No caso das comunidades autónomas, da intervención xeral ou unidade equivalente que teña competencias en materia de contabilidade.
- b) Nas corporacións locais, da intervención ou unidade que exerza as súas funcións.

2. Corresponde ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a recepción e recompilación da información prevista nesta orde.

3. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas facilitará ás comunidades autónomas que, de acordo cos seus respectivos estatutos de autonomía, exerzan a tutela financeira, o acceso á información que este solicite, de conformidade coa presente orde, en relación coas corporacións locais do seu territorio.

*Artigo 5. Medios de remisión da información.*

1. Ás obrigas de remisión de información daráselles cumprimento por medios electrónicos a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas habilite para o efecto, e mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, salvo naqueles casos en que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas considere que non é necesaria a súa utilización.

2. O envío e captura da información prevista nesta orde realizarase a través de modelos normalizados ou sistemas de carga masiva de datos habilitados para o efecto.

A determinación dos formularios normalizados e dos formatos de ficheiros de carga masiva de información realizarase, de forma conxunta, a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e a Secretaría de Estado de Administracións Públicas, e será informado o Consello de Política Fiscal e Financeira.

Para estes efectos, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas habilitará os mecanismos necesarios para a remisión electrónica dos estados numéricos comprensivos dos orzamentos xerais e da conta xeral ou contas anuais.

*Sección 2.ª Obrigas periódicas**Artigo 6. Información sobre os marcos orzamentarios.*

Antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente subministre o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos cales se enmarcará a elaboración dos seus orzamentos anuais.

*Artigo 7. Información sobre persoal.*

1. As comunidades autónomas e as entidades locais remitirán, unha vez aprobados os seus correspondentes orzamentos e estados financeiros, información detallada sobre os gastos de persoal, contidos neles coa desagregación e alcance que se determina no número 2 deste artigo.

Así mesmo, remitirán información sobre a execución dos gastos de persoal durante o mencionado exercicio, así como a execución definitiva do dito orzamento ou estados financeiros.

2. A estrutura e o contido da información referirase aos seguintes puntos, ámbitos e partidas no correspondente exercicio orzamentario:

a) Órganos estatutarios, como poden ser as asembleas lexislativas, tribunais de contas ou calquera outro órgano desta natureza e entes integrantes do Inventario de entes do sector público autonómico e local. Recolleranse por separado os datos referidos aos sectores sanitario, educativo universitario, educativo non universitario, da Administración de xustiza e policía autonómica e local.

b) Retribucións básicas, complementarias, acción social, achegas a plans de pensións, cotizacións ao Sistema de seguridade social a cargo do empregador e indemnizacións.

c) Efectivos por clases de persoal, incluíndo altos cargos.

d) Dotacións ou cadros de persoal orzamentarios de persoal, coa desagregación orgánica expresada na letra a).

3. A información mencionada no número 2 referirase tanto ao orzamento inicial como ao orzamento executado e remitirase nos prazos previstos nos artigos 13 e seguintes.

4. Igualmente, remitirase información sobre os efectivos de persoal, así como sobre as súas retribucións de acordo coa seguinte desagregación e referida ao mesmo ámbito de entidades indicado na letra a) do número 2 de acordo coas seguintes regras:

a) Número de efectivos e clases de persoal, diferenciando altos cargos ou asimilados, funcionarios de carreira e interinos, persoal estatutario fixo e temporal, persoal eventual, persoal laboral fixo e temporal incluíndo, en ambos os casos, tanto o acollido ao convenio colectivo como o excluído del, máximos responsables, persoal directivo e outro tipo de persoal que se determine no modelo normalizado.

b) Todas as retribucións diferenciando as básicas e as complementarias, asignadas ao persoal mencionado na letra a), así como achegas a plans de pensións ou seguros colectivos e calquera retribución de carácter extrasalarial.

Respecto ás retribucións de carácter variable, remitiranse, para todos os colectivos citados, os módulos e o gasto anual de cada concepto incluíndo, no caso de incentivos ao rendemento, os criterios existentes para a súa distribución e fixación das contías individuais.

c) Por tipo de persoal citado na letra a), o número de efectivos por modalidades de xornada.

A información mencionada neste número referirase en 31 de decembro e remitirase anualmente antes do 31 de xaneiro seguinte.

5. Se a comunidade autónoma ou a entidade local o autoriza, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá acceder á información que conste nos seus respectivos rexistros de persoal.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Obrigas non periódicas*

#### *Artigo 8. Medidas para evitar o risco de incumprimento.*

No prazo dun mes desde a formulación da advertencia por parte do Goberno, de acordo co previsto no artigo 19 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a comunidade autónoma ou a corporación local advertida comunicará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas as medidas concretas que se adoptasen ou se vaian adoptar, identificando a súa natureza, o prazo de entrada en vigor e o resultado esperado da súa eficacia, para evitar o risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, segundo proceda.

Artigo 9. *Plan económico-financeiro e plan de reequilibrio.*

1. Cando se dean as circunstancias previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a comunidade autónoma presentará ao Consello de Política Fiscal e Financeira un plan económico-financeiro ou un plan de reequilibrio, segundo corresponda, de acordo cos principios, criterios e formato derivados do previsto nos artigos 21 e 22 da mencionada lei orgánica.

2. Cando se dean as circunstancias previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, a corporación local aprobará un plan económico-financeiro que, ademais do previsto no artigo 21.2 da mencionada lei orgánica, conterà, polo menos, a seguinte información:

a) As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación. Estas medidas deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.

b) A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra do gasto.

c) A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesouraría, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesouraría para gastos xerais.

No prazo de cinco días naturais desde a aprobación do plan económico-financeiro a corporación local ou a comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, segundo proceda, remitirao ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación e/ou publicación no seu portal web, segundo corresponda.

A obriga de remisión desta información á Comisión Nacional de Administración Local entenderase cumprida co envío, dentro dos dous primeiros meses de cada ano, da indicación de que os plans foron publicados no portal web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o envío dun resumo dos plans recibidos no exercicio inmediato anterior no ministerio, así como un resumo dos plans dos cales se obtivese información, distinguindo os aprobados polo mencionado ministerio ou polo órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira das entidades locais, os plans desestimados e os que non necesitan aprobación dalgún destes órganos.

Nos dous meses seguintes á finalización de cada semestre do ano, as comunidades autónomas que exerzan a tutela financeira das súas corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o resultado do seguimento efectuado dos plans económico-financeiros.

3. As comunidades autónomas, antes do día quince de cada mes, e as corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sobre as que o Estado exerza a tutela financeira, antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre, remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información necesaria para o seguimento das medidas previstas nos plans económico-financeiros e nos plans de reequilibrio, segundo corresponda.

Para o caso das entidades locais, entre esta información estará a execución das medidas de ingresos e gastos previstas no plan e, se for o caso, das medidas adicionais adoptadas e o cumprimento das previsións contidas no plan para ese ano e explicación das desviacións, se as houber.

Para o caso das comunidades autónomas, entre esta información estará, polo menos, a actualización para o exercicio en curso do «Escenario da evolución financeira da comunidade autónoma» contido nos plans, a liquidación do trimestre cerrado e a previsión da liquidación dos trimestres pendentes do ano, explicacións que xustifiquen os importes, unha descrición para cada unha das medidas de ingresos e gastos incluídas no plan, o seu impacto no capítulo ou capítulos orzamentarios afectados pola aplicación da medida e a relación existente entre os aforros ou aumento dos ingresos conseguidos polas medidas e, se for o caso, as posibles desviacións entre as previsións orzamentarias do plan e a execución realizada, tanto intertrimestralmente como na proxección anual do

trimestre ou trimestres liquidados, indicando, neste último suposto, medidas adicionais para compensar estas diferenzas. Así mesmo, remitirán información nos primeiros antes do día quince de cada mes sobre o calendario actualizado de medidas aprobadas e xa executadas do plan, con especial referencia ás medidas aprobadas no mes anterior.

Artigo 10. *Plan de axuste.*

1. A Administración que conte cun plan de axuste acordado co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, durante a súa vixencia, deberá remitir ao mencionado ministerio antes do día quince de cada mes, no caso da comunidade autónoma, e antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre no caso da corporación local, información sobre, polo menos, os seguintes puntos:

- a) Avais públicos recibidos e operacións ou liñas de crédito contratadas identificando a entidade, o total do crédito dispoñible e o crédito disposto.
- b) Débeda comercial contraída clasificada pola súa antigüidade e o seu vencemento. Igualmente, incluírase información dos contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pagamento a provedores.
- c) Operacións con derivados.
- d) Calquera outro pasivo continxente.
- e) Análise das desviacións producidas no calendario de execución ou nas medidas do plan de axuste.

2. No caso de que sexa unha comunidade autónoma a que conte cun plan de axuste acordado, ademais da información referida no número anterior, deberá tamén remitirle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, antes do día quince de cada mes, información actualizada sobre a execución do seu plan de axuste relativa, polo menos, aos seguintes aspectos:

- a) Informe da intervención xeral da comunidade autónoma sobre a execución do plan de axuste.
- b) Execución orzamentaria mensual dos capítulos de gastos e ingresos.
- c) Adecuación á realidade do plan de axuste e valoración das medidas en curso, así como o calendario actualizado das medidas xa aprobadas e executadas e as medidas pendentes, con especial mención das medidas aprobadas no mes anterior.
- d) Valoración dos riscos a curto e medio prazo en relación co cumprimento dos obxectivos que se pretenden coa aplicación do plan de axuste. En particular, analizaranse as previsións de liquidez e as necesidades de endebedamento.
- e) Análise das desviacións que se produciron na execución do plan de axuste.
- f) Recomendacións, se for o caso, de modificación do plan de axuste co obxectivo de cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- g) Información actualizada do seu plan de tesouraría e detalle das operacións de débeda viva, incluíndo as emisións de débeda efectuadas no mes anterior e a taxa interna de rendibilidade.

3. As corporacións locais deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas antes do día quince de xaneiro de cada ano ou antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre, se se trata de corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o informe sobre a execución do plan de axuste, co seguinte contido mínimo:

- a) Resumo trimestral do estado de execución do orzamento. Se se trata de corporacións locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais tamén se incluírá información referida á previsión de liquidación do exercicio, considerando a execución trimestral acumulada.
- b) Execución das medidas de ingresos e gastos previstas no plan e, se for o caso, das medidas adicionais adoptadas.

c) Comparación dos detalles informativos anteriores coas previsións contidas no plan para ese ano e explicación, se for o caso, das desviacións.

Artigo 11. *Obrigas non periódicas de subministración de información referidas ao Inventario de entes do sector público autonómico e local.*

1. No prazo máximo dun mes contado desde a creación, extinción ou modificación institucional, estatutaria ou financeira da entidade, a intervención da corporación local ou a intervención xeral ou unidade equivalente que teña competencias en materia de contabilidade na comunidade autónoma, segundo corresponda, comunicará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o detalle que en cada caso sexa necesario para o mantemento do Inventario de entes dependentes das comunidades autónomas, da Base de datos xeral de entidades locais e do Inventario de entes do sector público local.

2. Para estes efectos, a Base de datos xeral de entidades locais está constituída polos datos relativos á entidade local e todos os organismos, entes, institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculados, dependentes ou nos cales a entidade local participe.

Os suxeitos integrantes do Inventario de entes do sector público local seguirán sendo os previstos no Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

3. Consideraranse integrantes do Inventario de entes dependentes das comunidades autónomas as seguintes entidades en cada unha das comunidades autónomas:

- a) A Administración da comunidade autónoma.
- b) Os organismos autónomos, entidades públicas empresariais, axencias e demais entes públicos vinculados ou dependentes da Administración autonómica.
- c) As universidades.
- d) As sociedades mercantís, de acordo co previsto no número 4.
- e) Os consorcios e as institucións sen ánimo de lucro que estean controlados ou financiados polo menos ao 50% por algún dos suxeitos enumerados nas letras anteriores.

4. Consideraranse incluídas no Inventario de entes dependentes das comunidades autónomas as sociedades mercantís nas cales conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que a participación, directa ou indirecta, da comunidade autónoma e demais entidades dependentes ou vinculadas á comunidade autónoma ou participadas por ela no seu capital social, sexa, polo menos, do 50%.
- b) Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrante ou dependente da comunidade autónoma ou participado por ela dispoña de, polo menos, a metade dos dereitos de voto da sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.
- c) Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrante ou dependente da comunidade autónoma ou participado por ela teña dereito a nomear ou a destituír, polo menos, a metade dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.
- d) Que o administrador único ou polo menos a metade dos membros do Consello de Administración da sociedade fosen designados na súa calidade de membros ou conselleiros por parte da comunidade autónoma, organismo ou sociedade mercantil dependentes da comunidade autónoma ou participados por ela.

5. O Inventario de entes dependentes das comunidades autónomas incluírá tamén as sociedades mercantís ou outros entes en que participen os suxeitos comprendidos nos números anteriores xunto con outras administracións públicas ou entidades privadas, incluso cando a comunidade autónoma, individualmente considerada, non teña unha posición de dominio, directa ou indirecta, sobre a sociedade ou entidade participada, e



sempre e cando a dita entidade deba ser considerada pública debido a que estea controlada ou financiada polo menos nun 50% polo sector administracións públicas no seu conxunto e unha única administración pública non teña unha maioría do control ou financiamento da entidade.

En todo caso, incluíranse no correspondente Inventario de entes dependentes das comunidades autónomas as entidades que se encontren sectorizadas no subsector comunidades autónomas reguladas no artigo 2.

Cada unha das comunidades autónomas que participe nos entes sinalados deberá comunicarllo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

6. A información remitida deberá incluír, como mínimo:

a) A denominación da comunidade autónoma ou a corporación local, segundo corresponda, e das entidades, organismos, entes, institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculados ou dependentes dela ou en que participe.

b) Os códigos INE e NIF identificativos.

c) O domicilio e código postal.

d) O teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.

e) As datas de alta, baixa ou modificación, se é o caso.

f) A finalidade institucional, estatutaria ou societaria atribuída a cada suxeito.

g) As competencias e actividades que teñan encomendadas pola súa respectiva norma ou acordo de creación.

h) Os recursos que financian as súas actividades.

i) O réxime orzamentario e contable.

j) No suposto de entidades de carácter asociativo, a todo o anterior engadírase a súa composición e, se for o caso, a porcentaxe de participación de cada entidade.

Neste sentido, deberán especificarse os dereitos de voto, nomeamento ou destitución que a comunidade autónoma ou entidade local, segundo corresponda, ou calquera dos seus organismos ou sociedades mercantís integrantes, dependentes ou participados, posúan de forma directa ou a través doutras sociedades participadas ou dominadas por eles.

Para a determinación da porcentaxe de participación, naqueles supostos en que participen ou teñan dereitos de voto, nomeamento ou destitución varios suxeitos dos enumerados con anterioridade, sumaranse as porcentaxes de participación e disposición de dereitos de todos eles.

k) Calquera outro dato de carácter xurídico, económico ou organizativo que puidese resultar de interese para a análise económico-financeira dos entes integrantes do Inventario. En particular, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá solicitar das comunidades autónomas e corporacións locais canta información sexa necesaria para realizar a clasificación das entidades participadas ou dependentes das comunidades autónomas e corporacións locais.

Así mesmo, poderá solicitarse información relativa á participación da Administración autonómica ou local, ou do resto de suxeitos enumerados neste artigo, en calquera tipo de entidade, incluso cando se trate de participacións minoritarias que non impliquen control público da entidade.

7. A información incorporada ao Inventario de entes dependentes das comunidades autónomas e á Base de datos xeral de entidades locais e ao Inventario de entes do sector público local soportarase documentalmente mediante a correspondente disposición normativa ou, se for o caso, mediante o documento público ou privado inscrito, de ser o caso, no rexistro público correspondente. Os ditos documentos deberán ser remitidos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas salvo que sexa posible a súa obtención completa no diario ou boletín oficial en que se publique.

## Artigo 12. *Outros requirimentos de información.*

En todo caso, para cumprir coas obrigas de información previstas nesta orde, en particular as que deriven de requirimentos comunitarios, poderase solicitar calquera información adicional que resulte necesaria mediante petición singular ou mediante modelo normalizado polo órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

## CAPÍTULO III

### **Obrigas de subministración de información no ámbito das comunidades autónomas**

## Artigo 13. *Obrigas anuais de subministración de información.*

Con carácter anual, remitirase a seguinte información:

1. Antes do 31 de marzo, unha previsión anual de endebedamento, que conterà a débeda viva a principio de exercicio, conforme as normas do protocolo de déficit excesivo, as previsións de operacións de crédito, emisións de débeda e amortizacións do exercicio desagregadas por entes do sector Administración pública e a situación prevista para cada un deles a final de cada ano.

2. Antes do 1 de agosto, o límite de gasto non financeiro da comunidade autónoma para o exercicio seguinte cunha memoria descritiva dos principais elementos considerados para a fixación do dito límite, así como da súa composición.

3. Antes do 1 de outubro, as liñas fundamentais dos orzamentos para o exercicio seguinte, con toda a información necesaria conforme a normativa europea e, polo menos, a seguinte información:

a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos en que se basean.

b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculada conforme as normas do Sistema europeo de contas.

c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas á conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.

d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.

e) Modificacións significativas nos criterios de elaboración de orzamentos que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.

4. No prazo de quince días desde a presentación dos proxectos de orzamentos nas asembleas das comunidades autónomas e, en todo caso, antes do 20 de novembro, os proxectos de orzamentos iniciais ou estados financeiros iniciais dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta orde. Para estes efectos, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá habilitar os mecanismos necesarios para a remisión electrónica dos estados numéricos comprensivos do proxecto de orzamento.

5. Antes de quince días desde a data da súa remisión ao Parlamento ou Cámara de Contas e, en todo caso, antes do 20 de novembro, as contas anuais do exercicio anterior da comunidade autónoma. Para estes efectos, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá habilitar os mecanismos necesarios para a remisión electrónica dos estados numéricos comprensivos da conta xeral e contas anuais de todas as entidades previstas no artigo 2. Na mesma data remitiranse os datos de execución orzamentaria previstos nos números 1 e 2 do artigo 7.

6. Antes de quince días desde a publicación da lei de orzamentos e, en todo caso, antes do 31 de xaneiro, o contido completo dos orzamentos xerais do exercicio correspondente, que integrará, polo menos, os orzamentos e estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta orde e a información relativa ao persoal recollida nos números 1 e 2 do artigo 7. Para estes efectos, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá habilitar os mecanismos necesarios para a remisión electrónica dos estados numéricos comprensivos do orzamento.

Se o 31 de xaneiro non estivesen aprobados os orzamentos autonómicos, deberá remitirse o orzamento xeral prorrogado coas modificacións derivadas das normas reguladoras da prórroga, así como a respectiva información de persoal a que se fai referencia nos números 1 e 2 do artigo 7. Neste caso, unha vez aprobado o orzamento xeral ou estado financeiro iniciais, remitiranse nos quince días seguintes á súa publicación.

Esta información referirase a todos os suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta orde.

En todo caso, incluírase a información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme as normas do Sistema europeo de contas.

7. Antes do 30 de abril do ano seguinte ao cal se refire a información, o cuestionario de información contable normalizado de todas as unidades do artigo 2.1 que conterá tanta información sexa necesaria para elaborar as contas, conforme o Sistema europeo de contas, e para o seguimento da execución orzamentaria co contido e alcance fixados no artigo 14.

#### Artigo 14. *Obrigas mensuais de subministración de información.*

Antes do día quince de cada mes a comunidade autónoma enviará un modelo de información co alcance e co contido fixados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que, polo menos, conterá a seguinte información:

1. Execución do orzamento nas súas distintas fases, con indicación das modificacións orzamentarias tramitadas e/ou as que se prevé tramitar nos dous meses seguintes.

2. Detalle das obrigas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, exixibles, non imputadas ao orzamento.

3. Información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e dos gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculada conforme as normas do Sistema europeo de contas.

4. Información relativa ao uso dado ás autorizacións de operacións de endebedamento concedidas.

5. As actualizacións do seu plan de tesouraría e detalle de operacións de débeda viva que conterá, polo menos, información relativa:

a) Ao calendario e orzamento de tesouraría que conteña os seus cobramentos e pagamentos mensuais por rúbricas incluíndo a previsión do seu mínimo mensual de tesouraría.

b) Á previsión mensual de ingresos.

c) Ao saldo de débeda viva.

d) Ao impacto das medidas de aforro e medidas de ingresos previstas e calendario previsto de impacto en orzamento.

e) Aos vencementos mensuais de débeda a curto e longo prazo.

f) Ao calendario e ás contías de necesidades de endebedamento.

g) Á evolución do saldo das obrigas recoñecidas pendentes de pagamento tanto do exercicio corrente como dos anos anteriores.

h) Ao perfil de vencementos da débeda dos próximos dez anos.

i) Información, incluída a taxa interna de rendibilidade, das emisións de débeda realizadas no mes anterior.

6. Os datos de execución previstos nos números 1 e 2 do artigo 7 relativos ás unidades integrantes do sector administracións públicas da contabilidade nacional, así como o número de efectivos referidos ao último día do mes anterior.

Cando a información prevista neste artigo se refira ao mes de decembro, o prazo para o seu envío será ata o 31 de xaneiro seguinte.

## CAPÍTULO IV

### Obrigas de subministración de información no ámbito das corporacións locais

Artigo 15. *Obrigas anuais de subministración de información.*

Con carácter anual, remitirase a seguinte información:

1. Antes do 1 de outubro de cada ano:

- a) As liñas fundamentais dos orzamentos para o exercicio seguinte ou dos estados financeiros.
- b) O estado de previsión de movemento e a situación da débeda.
- c) A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos das liñas fundamentais do orzamento coa capacidade ou a necesidade de financiamento, calculada conforme as normas do Sistema europeo de contas.
- d) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra do gasto e do límite de débeda.

2. Antes do 31 de xaneiro de cada ano:

a) Os orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta orde, dos investimentos que se prevé realizar no exercicio e nos tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.

Se en 31 de xaneiro non estivese aprobado o orzamento, deberá remitirse o prorrogado coas modificacións derivadas das normas reguladoras da prórroga, ata a entrada en vigor do novo orzamento.

- b) A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme as normas do Sistema europeo de contas.
- c) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite da débeda.
- d) A información relativa a persoal recollida nos números 1 e 2 do artigo 7.

3. Antes do 31 de marzo do ano seguinte ao exercicio en que vaian referidas as liquidacións:

a) Os orzamentos liquidados e as contas anuais formuladas polos suxeitos e entidades sometidos ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou as súas adaptacións sectoriais, cos seus anexos e estados complementarios.

b) As obrigas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, exixibles non imputadas ao orzamento.

c) A situación en 31 de decembro do exercicio anterior da débeda viva, incluídos os cadros de amortización.

d) A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme as normas do Sistema europeo de contas.

e) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite da débeda.

4. Con anterioridade ao 31 de outubro do ano seguinte ao exercicio ao que vaian referidas as liquidacións, remitiranse:

a) As contas anuais aprobadas pola xunta xeral de accionistas ou órgano competente, acompañadas, se for o caso, do informe de auditoría, de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta orde.

b) A copia da conta xeral así como os documentos adicionais precisos para obter a seguinte información: liquidación do orzamento completa, detalle de operacións non orzamentarias, estado da débeda, incluída a débeda aprazada en convenio con outras administracións públicas e avais outorgados.

c) A información relativa a persoal recollida nos números 1 e 2 do artigo 7.

Artigo 16. *Obrigas trimestrais de subministración de información.*

Antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano remitirase a seguinte información:

1. A actualización dos orzamentos en execución, incorporadas as modificacións orzamentarias xa tramitadas e/ou as que se prevé tramitar ata final de ano, e das previsións de ingresos e gastos das entidades suxeitas ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou as súas adaptacións sectoriais, e os seus estados complementarios.

2. As obrigas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, exixibles, non imputadas ao orzamento.

3. A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme as normas do Sistema europeo de contas.

4. A actualización do informe da intervención do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite da débeda.

5. Un resumo do estado de execución do orzamento acumulado a final de cada trimestre, dos ingresos e gastos do orzamento, e dos seus estados complementarios, con indicación dos dereitos recadados do exercicio corrente e dos exercicios cerrados e das desviacións respecto ás previsións.

Os estados de execución, para o mesmo período, dos ingresos e gastos, para as entidades suxeitas ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou ás súas adaptacións sectoriais.

6. A situación dos compromisos de gastos plurianuais e a execución do anexo de investimentos e o seu financiamento.

7. O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

8. As actualizacións do seu Plan de tesouraría e detalle das operacións de débeda viva que conterà, polo menos, información relativa:

a) Ao calendario e orzamento de tesouraría que conteña os seus cobramentos e pagamentos mensuais por rúbricas incluíndo a previsión do seu mínimo mensual de tesouraría.

b) Á previsión mensual de ingresos.

c) Ao saldo de débeda viva.

d) Ao impacto das medidas de aforro e medidas de ingresos previstas e calendario previsto de impacto en orzamento.

e) Aos vencementos mensuais de débeda a curto e longo prazo.

f) Ao calendario e contías de necesidades de endebedamento.

g) Á evolución do saldo das obrigas recoñecidas pendentes de pagamento tanto do exercicio corrente como dos anos anteriores.

h) Ao perfil de vencementos da débeda dos próximos dez anos.

9. Os datos de execución previstos nos números 1 e 2 do artigo 7 relativos ás unidades integrantes do sector administracións públicas da contabilidade nacional, así como o número de efectivos referidos ao último día do trimestre anterior.

Artigo 17. *Obrigas non periódicas de subministración de información referidas a operacións de préstamo e emisións de débeda.*

No prazo máximo dun mes desde que se subscriba, cancele ou modifique unha operación de préstamo, crédito ou emisións de débeda, en todas as súas modalidades, os avais e garantías prestados en calquera clase de crédito, as operacións de arrendamento financeiro, así como calquera outra que afecte a posición financeira futura, concertadas polas corporacións locais ou as súas entidades dependentes incluídas no ámbito subxectivo desta orde, comunicaránselle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas as condicións da operación e o seu cadro de amortización.

## CAPÍTULO V

### Publicidade da información e consecuencias dos incumprimentos

Artigo 18. *Publicidade da información para coñecemento xeral.*

1. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicará periodicamente no seu portal web a seguinte información sobre cada comunidade autónoma para coñecemento xeral:

a) Información anual sobre os proxectos de orzamentos xerais das comunidades autónomas que será publicada no mes de decembro do ano anterior a que van referidos.

b) Información anual sobre os orzamentos xerais das comunidades autónomas, co seguinte alcance e prazos: no primeiro trimestre do ano, datos de avance, e no último trimestre do ano, datos definitivos.

c) Información anual sobre a liquidación dos orzamentos das comunidades autónomas referida ao penúltimo exercicio anterior, co seguinte alcance e prazos: no primeiro trimestre do ano, datos de avance, e no segundo trimestre do ano, datos definitivos.

d) No mes de abril publicarase información anual do subsector das comunidades autónomas do ano anterior en termos de contabilidade nacional, incluíndo o detalle das principais rúbricas de ingresos e gastos. No cuarto trimestre do ano actualizarase a información anterior e, ademais, publicarase a clasificación funcional do gasto das comunidades autónomas segundo a clasificación das funcións das administracións públicas e o detalle das rúbricas de impostos percibidos polas comunidades autónomas.

e) Os informes sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto regulados no artigo 17 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade, que se refiran ás comunidades autónomas, nas datas mencionadas no citado artigo da lei orgánica.

f) Información mensual do subsector das comunidades autónomas en termos de contabilidade nacional, detallando as principais rúbricas de ingresos e gastos, dentro do mes seguinte á finalización do prazo para a remisión da información mensual.

Esta información publicarase a partir do momento en que se establecesen os procedementos para a recollida e o tratamento da información mensual.

g) Información mensual sobre a execución dos orzamentos das comunidades autónomas, no mes seguinte á finalización do prazo para a remisión da información mensual.

h) Inventario de entes dependentes das comunidades autónomas.

i) Informe semestral sobre o Inventario de entes dependentes das comunidades autónomas, no mes seguinte á súa actualización.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicará periodicamente no seu portal web a seguinte información sobre corporacións locais para coñecemento xeral:

a) Información anual de orzamentos xerais das corporacións locais e/ou estados financeiros iniciais co seguinte alcance e prazos: no segundo e terceiro trimestre do ano, datos de avance, e no cuarto trimestre, datos definitivos.

b) Información anual de liquidación dos orzamentos do exercicio anterior das corporacións locais e as contas anuais para as entidades sometidas ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou ás súas adaptacións sectoriais co seguinte alcance e prazos: no segundo e terceiro trimestre, os datos de avance de liquidación de orzamento e contas formuladas, e no cuarto trimestre os datos definitivos de liquidación de orzamento e contas aprobadas.

c) No mes de abril de cada ano publicarase información anual do subsector das corporacións locais do ano anterior en termos de contabilidade nacional, co detalle das principais rúbricas de ingresos e gastos. No cuarto trimestre actualizarase a información anterior e, ademais, publicarase a clasificación funcional do gasto das corporacións locais segundo a clasificación das funcións das administracións públicas e o detalle das rúbricas de impostos percibidos polas corporacións locais.

d) Os informes sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto regulados no artigo 17 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, que se refiran ás corporacións locais, nas datas mencionadas no citado artigo da lei orgánica.

e) Información trimestral resumida da execución acumulada a final de cada trimestre dos orzamentos das corporacións locais e dos ingresos e gastos para as entidades suxeitas ao Plan xeral de contabilidade de empresas ou ás súas adaptacións sectoriais, no segundo mes desde a finalización do prazo para a remisión da información trimestral.

f) No primeiro trimestre do ano, o informe sobre débeda viva en 31 de decembro do exercicio anterior, segundo o protocolo de déficit excesivo das entidades, a partir da información remitida polo Banco de España.

g) Informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas das corporacións locais, no mes seguinte á finalización do prazo para a remisión da información trimestral polas corporacións locais.

h) Información trimestral do subsector das corporacións locais en termos de contabilidade nacional, detallando as principais rúbricas de ingresos e gastos, dentro do trimestre seguinte a que se refiran.

i) Información da Base de datos de entidades locais e Inventario de entes do sector público local.

3. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicará no seu portal web a seguinte información para coñecemento xeral:

a) Información dos plans de axuste, o día seguinte a que fosen acordados co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

b) A advertencia formulada polo Goberno a unha comunidade autónoma ou a unha corporación local, en caso de apreciar un incumprimento do obxectivo de estabilidade, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o día seguinte ao da súa formulación.

c) Os plans económico-financeiros ou de reequilibrio, segundo corresponda, o día seguinte ao da súa presentación no Consello de Política Fiscal e Financeira.

d) O plan económico-financeiro da corporación local, no prazo de cinco días naturais desde a súa recepción ou a súa aprobación polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, segundo corresponda.

e) Os informes de seguimento dos plans económico-financeiros ou de reequilibrio das comunidades autónomas, segundo corresponda, serán publicados no prazo máximo de quince días naturais contados desde a publicación dos datos de execución orzamentaria autonómica.

f) Os informes de seguimento dos plans económico-financeiros das corporacións locais serán publicados no prazo máximo de dous meses contados desde a finalización do semestre a que se refire.

*Artigo 19. Incumprimento da obriga de remisión de información.*

Sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que corresponda, o incumprimento das obrigas de remisión de información recollidas nesta orde, tanto no referido aos prazos establecidos como ao correcto contido e idoneidade dos datos requiridos ou ao modo de envío, dará lugar a un requirimento de cumprimento.

O requirimento de cumprimento indicará o prazo, non superior a quince días naturais, para atender a obriga incumplida con apercibimento de que, transcorrido o mencionado prazo, se procederá a dar publicidade ao incumprimento e á adopción das medidas automáticas de corrección previstas no artigo 20 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de conformidade co establecido no artigo 27.6 da mencionada lei.

*Disposición adicional única. Comunidade Foral de Navarra e Comunidade Autónoma do País Vasco.*

Esta orde será de aplicación á Comunidade Foral de Navarra e á Comunidade Autónoma do País Vasco, de conformidade co disposto na disposición derradeira terceira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e sen prexuízo de que no seo da Comisión Mixta do Concerto e a Comisión Coordinadora, respectivamente, se poidan acordar especialidades derivadas do réxime foral.

*Disposición transitoria única. Obrigas de subministración de información e medios de remisión.*

1. En canto non entre en vigor o artigo 16, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas seleccionará unha mostra de corporacións locais ás cales poderá solicitar a información necesaria para poder realizar unha estimación e cumprir coas obrigas europeas nesta materia.

2. En canto non entre en vigor o artigo 14, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas solicitará un resumo da información contida no mencionado artigo 14 conforme uns modelos normalizados dos cales se informará ao Consello de Política Fiscal e Financeira.

3. Mentres o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas non habilite os medios electrónicos alternativos que permitan o envío de información con sinatura electrónica poderá prescindirse deste requisito, e estas remisións efectuaranse polos medios electrónicos que o mencionado ministerio estableza e dos que informará ao Consello de Política Fiscal e Financeira.

*Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

*Disposición derradeira primeira. Habilitación competencial.*

Esta orde dítase en exercicio da habilitación competencial contida no artigo 27.4 e na disposición derradeira segunda da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, e na disposición adicional terceira do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.



Disposición derradeira segunda. *Aplicación e execución da orde.*

Habilítanse os titulares da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, no ámbito das súas respectivas competencias, para adoptar as resolucións e medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.*

De acordo co previsto na disposición derradeira terceira do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, modifícanse os artigos 27, 29, 30 e 31 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, que quedan sen contido.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». A partir dese momento deberá remitirse a información que estará referida ao exercicio 2012 e seguintes.

Non obstante, os artigos 14 e 16 sobre obrigas mensuais e trimestrais de subministración de información das comunidades autónomas e as corporacións locais entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2013.

Madrid, 1 de outubro de 2012.—O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.